

TRABALLO A MIÑA EXPRESION ESCRITA

1. Le atentamente os fragmentos desta páxina do diario de Luís e sitúaos na orde correcta.

O certo é que estou desexando comezar o curso e facer novos amigos.

3 de
setembro

Ao principio asusteime porque pensei que chegaba tarde xa o primeiro día!

Despois sentínme aliviado ao comprobar que non era así, aínda que tamén me deu un pouco de pena.

Esta mañá erguinme coa sensación de que xa remataran as vacacións e tiña que ir á escola.

2. Le atentamente esta páxina do diario de viaxe de Laura e escribe ti a do día seguinte.

Londres, 8 de agosto

Hoxe madrugamos moitísimo. O avión saía ás 8:00 de Santiago e tivemos que erguernos antes das 6:00 da mañá!

Aínda así non descansamos en todo o día. Ao chegar fomos deixar as cousas ao hotel e demos un paseo por Hyde Park. Tivemos moita sorte e chegamos para ver o cambio de garda no Palacio de Buchingham. Á tarde visitamos o Museo de Historia Natural, que é realmente impresionante e moi divertido. Foi un día xenial!

Mañá temos pensado ir ver o Big Ben, a famosa torre do reloxo, e eu quero subir ao London Eye, esa nora tan grande que hai a carón do río e que é un impresionante mirador da cidade. Ademais, pola tarde os meus pais prometeron levarme ao Museo de Sherlock Holmes!